

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2023 aprobou o *Acordo de creación da Sección Deportiva da USC e de regulación do seu réxime de funcionamento*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e praxe do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## ACORDO DE CREACIÓN DA SECCIÓN DEPORTIVA USC E DE REGULACIÓN DO SEU RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente á formación en valores e competencias, ao crecemento persoal baseado, principalmente, no respecto, no esforzo e na superación, así como a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas.

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, no seu artigo 22, recolle que as universidades promoverán a práctica do deporte e a actividade física con carácter transversal en todo o seu ámbito de actuación. Así mesmo, indica que corresponde ás universidades a ordenación e organización de actividades e competicións deportivas no seu ámbito respectivo e, no seu caso, a articulación de fórmulas para compatibilizar os estudos de deportistas de alto nivel coas súas actividades deportivas.

Pola súa banda o modelo deportivo da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) ven recollido no artigo 157 dos seus Estatutos nos que se sinala que a práctica deportiva na Universidade é parte da formación do estudantado e considérase de interese para todos os membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, a USC de deberá promover unha acción deportiva integral, saudable, diversa e para todas as persoas, co máximo respecto polo noso medio ambiente e a nosa cultura. Así mesmo, estimulará a participación nas actividades físico-deportivas de todos os membros da comunidade universitaria e da cidadanía en xeral, incidindo en políticas de igualdade para as persoas e colectivos de menor práctica deportiva.

Unha das formas de desenvolver a actividade físico-deportiva é a través do deporte federado. Esta práctica está suxeita á normativa das institucións públicas e das distintas federacións deportivas que organizan as modalidades deportivas. O interese das persoas pola práctica físico-deportiva vencellada a competición obriga a tomar parte en actividades organizadas polas distintas federacións para así facilitar aos deportistas completar a súa formación integral e a participación en competicións de carácter oficial.

Para estes efectos debe terse en conta o establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que no seu artigo 50 establece a posibilidade de que as entidades públicas ou privadas dotadas de personalidade xurídica, con sede ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia e constituídas de acordo á súa respectiva normativa, poidan acceder ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia cando desenvolvan actividades deportivas de carácter accesorio en relación a seu obxecto principal mediante a creación dunha Sección Deportiva. Tamén indica que a creación dunha sección deportiva requirirá un acordo expreso do órgano de goberno da entidade pública ou privada correspondente, que manifestará a súa intención de crear esta, a súa forma de organización, o réxime de administración e o resto de requisitos previstos na normativa deportiva. O recoñecemento das seccións creadas ao abeiro desta norma producirase pola súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.

Na actualidade a USC desenvolve a actividade físico-deportiva a través do deporte federado mediante o Club USC, pero á vista do tenor literal da lei autonómica, debe transformarse nunha sección deportiva.

Deste xeito propónse ao Consello de Goberno a transformación do Club USC en Sección Deportiva USC cunha regulación interna específica.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno o 27 de decembro de 2023 acordou a *Creación da Sección Deportiva USC e establecer o seu réxime interno de funcionamento*, conforme as seguintes disposicións:

*Artigo 1. Creación é réxime xurídico da Sección Deportiva USC*

1.- Créase a Sección Deportiva USC, por transformación do Club USC, co obxecto de organizar e regular a participación da USC en competicións e eventos deportivos no eido federado, de conformidade co artigo 50 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A Sección Deportiva representará á USC ante as federacións deportivas e rexerese polo establecido na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, pola Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, polo establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril do deporte de Galicia; así como polo disposto nos Estatutos da USC e por esta norma.

*Artigo 2. Funcións da Sección Deportiva USC*

Son funcións da Sección Deportiva en relación coas modalidades deportivas nas que estea formalmente inscrita:

- Canalizar a participación da USC, das persoas pertencentes á comunidade universitaria e da cidadanía en xeral, en competicións e eventos deportivos oficiais federados.
- Impulsar e organizar actividades e eventos deportivos propios.
- Promover o deporte inclusivo.
- Colaborar con outras entidades na formación en valores e competencias e na promoción dun estilo de vida activo e saudable na súa contorna.
- Todas as funcións que os estatutos da USC e outras disposicións legais ou regulamentarias lle poidan atribuír.

*Artigo 3. Goberno da Sección Deportiva USC*

1.- O Consello da Sección Deportiva USC será o máximo órgano de xestión desta e deberá seguir as directrices dos órganos de goberno da USC. Este Consello estará integrado por:

- a) A persoa con competencias en materia de deporte na USC.
- b) A persoa que teña atribuída a Dirección da Área Deportiva da USC.
- c) A persoa que ocupe a Xefatura do Negociado ou unidade administrativa equivalente, da Área Deportiva.
- d) Unha persoa do cadro de persoal técnico da Área Deportiva da USC.

2. Correspóndelle ao Consello da Sección Deportiva USC:

- Propor o orzamento anual da Sección Deportiva.
- Propor ao Consello de Goberno a modificación deste Regulamento.
- Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica.
- Aprobar as altas e baixas das modalidades deportivas e comunicalas ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como aprobar os acordos de filiación ou similares, que se consideren de interese para a USC.
- Aqueloutras que establezan normas superiores en desenvolvemento dos Estatutos da USC.

O Consello da Sección Deportiva USC reunirse polo menos unha vez ao ano, e cada vez que sexa convocado a instancias da súa Presidencia.

3.- Correspóndelle á persoa con competencias en materia de deporte na USC a Presidencia do Consello da Sección Deportiva, o goberno e a representación ordinaria da Sección Deportiva USC.

En caso de ausencia a representación perante outras entidades e institucións corresponderá á persoa que teña atribuída a Dirección da Área Deportiva da USC.

4.- Correspóndelle á persoa que teña atribuída a Dirección da Área Deportiva da USC:

- A dirección e a supervisión da actividade ordinaria da Sección Deportiva USC.
- Aprobar a proposta de orzamento de ingresos e gastos para cada unha das modalidades deportivas ou equipos inscritos.
- Supervisar as asignacións orzamentarias.
- Programar e asignar os medios e recursos dispoñibles.
- Informar e asesorar aos seus superiores sobre a Sección Deportiva.
- Solicitar axudas e/ou subvencións estatais, autonómicas, provinciais ou locais sempre que non supoñan gasto para a USC.
- Presentar documentos adicionais para convocatorias de axudas e/ou subvencións.
- Solicitar a modificación de datos nos distintos rexistros de Clubs.

En caso de ausencia actuará o persoal técnico da Área de maior responsabilidade.

5.- Correspóndelle á persoa que ocupe a Xefatura do Negociado ou unidade administrativa equivalente, da Área Deportiva :

- Exercer como secretaria/o do Consello da Sección Deportiva.
- Convocar as reunións do Consello da Sección Deportiva a instancias da Presidencia.
- Redactar as actas das sesións do Consello da Sección Deportiva.
- Custodiar os arquivos e documentación.
- Expedir as certificacións no ámbito da súa competencia.
- Certificar documentos relacionados con subvencións, agás os que traten de operacións de cobro, pagamento ou endebedamento.
- Asinar licenzas, partes de accidente e fichas federativas.

Así mesmo, correspóndelle o control e xestión contable da Sección Deportiva co obxecto de poder facilitar toda a información das operacións económicas á que se refire o artigo 43 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

#### Artigo 4. *Integrantes da Sección Deportiva USC*

1.- Terán a consideración de integrantes da Sección Deportiva todas as persoas deportistas, delegadas, adestradoras ou técnicas con licenza federada.

2.- Para integrar a Sección Deportiva terán preferencia as persoas da comunidade universitaria. Poderán incluírse persoas alleas á USC cando por razóns técnicas, ou de vinculación, a Área, no ámbito das súas competencias, así o considere.

3.- Ás persoas integrantes da Sección Deportiva durante o período que formen parte desta facilitaráselle as condicións para os adestramentos e para as competicións relacionadas coa modalidade deportiva correspondente.

#### Artigo 5. *Obrigas das persoas integrantes da Sección Deportiva USC*

1.- Son obrigas das persoas integrantes da Sección Deportiva USC:

- a) Asistir ás competicións e aos adestramentos. As ausencias as competicións deberán ser comunicadas coa suficiente antelación e deberán ser xustificadas axeitadamente.
- b) Coidar da propia saúde. Deberán realizar as probas de condición física ou exames médicos necesarios e seguir as recomendación que delas se deriven.
- c) Usar correctamente as instalacións deportivas, así como o mobiliario, o material deportivo ou calquera outro elemento instalado, procurando respectalo e coidalo en todo momento.
- d) Tratar con respecto ao resto de persoas usuarias, así como ao persoal encargado das instalacións, actividades ou servizos.
- e) No referente ao uso da indumentaria oficial, o comportamento durante as competicións e a responsabilidade sobre o material, será de aplicación o establecido na normativa específica en materia de competicións e na normativa das propias federacións deportivas.

2.- No caso de condutas indebidas aplicarase o establecido, a estes efectos, na normativa disciplinaria específica da USC e na normativa das propias federacións deportivas.

3.- En caso de producir danos a bens ou a terceiros, a USC deberá repercutilos á persoa ou persoas que os causaron.

#### Artigo 6. *Réxime económico da Sección Deportiva USC*

1.- A Sección Deportiva terá a súa propia partida orzamentaria que se incluírá no orzamento da USC.

2. Correspóndelle á persoa responsable do centro de gasto autorizar os gastos previstos no orzamento anual. A tramitación dos expedientes de gasto realizarase de acordo coas normas xerais da USC.

#### Disposición transitoria primeira. *Modalidades deportivas*

A modalidade deportiva principal da Sección Deportiva USC será o tenis. Ademais practicaranse as modalidades deportivas de atletismo, montañismo, orientación e xadrez.

#### Disposición transitoria segunda. *Efectividade da Sección Deportiva USC*

A efectividade da Sección Deportiva USC producirase pola súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

#### Disposición final

O regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da USC.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/12/2023 23:00:33.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/12/2023 22:31:52.

**CSV:** 733C-8908-4510-A536